

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ANUNCIO:

Procedemento de mobilidade funcional de empregados públicos, mediante a comisión de servizos voluntaria, para a cobertura temporal dunha praza vacante de auxiliar administrativo/a da área de administración xeral e réxime interno.

Por medio de Decreto número 131/2023, de 9 de marzo, resolveuse a aprobación das bases reguladoras do procedemento de mobilidade funcional de empregados públicos, mediante a comisión de servizos voluntaria, para a cobertura temporal dunha praza vacante de auxiliar administrativo/a da área de administración xeral e réxime interno.

Visto que o día 10 de marzo de 2023, publicouse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ponte deume, a a modo informativo na paxina web (www.pontedeume.gal) o anuncio das bases da convocatoria, e tendo transcorrido o prazo de presentación de instancias fixado na Base Quinta da convocatoria.

Vista a base 7 das bases da convocatoria, na que se indicaba que rematado o prazo de presentación de instancias "o alcalde ditará resolución no prazo máximo de cinco (5) días hábiles declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos....."

Visto que ao indicado proceso só se presentou unha solicitude, adxuntando os xustificantes correspondentes, tal e como se indicaba nas bases da convocatoria, polo que non está excluído ningún aspirante.

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1 da lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Elevar a definitiva a lista de admitidos no proceso de selección, que figura de seguido:

ASPIRANTES ADMITIDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI
1	SOTO SOTO MONTSERRAT	3*67**44*

SEGUNDO.- Nomear aos integrantes da comisión de valoración, que queda constituída do seguinte xeito:

- Presidente: Don Nicolás Placer Sande. Administrativo de administración xeral.
- Suplente de Presidente: Dona Virginia Pérez Torres. Técnica de administración xeral.
- Vogal 1: Don José Antonio Meizoso Paz, Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional.
- Suplente: Dona Lara Otero Díaz, Técnica superior de administración xeral.
- Vogal 2: Dona Eva Guerrero Rico. Administrativa de administración xeral.
- Suplente: Dona Monica Bello Novo, Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Vogal 3: Don Juan Carlos Anca Santos. Técnico medio de administración xeral.
- Suplente: Dona Patricia Coence Antelo, Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.
- Secretaria: Dona Ana Ramos Ramos, Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional. (con voz e sin voto).
- Suplente: Dona Estefania Manteiga Pérez, Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.

TERCEIRO.- Convocar aos membros da comisión de valoración as 9,30 horas do día 28 de marzo de 2023, martes, no Salón de Plenos do Concello de Ponte deume, para a baremación dos méritos, segundo indicado na base 6ª das bases da convocatoria.

CUARTO: Convocar aos membros da comisión de valoración e aos aspirantes, as 11,30 horas do día 28 de marzo de 2023, martes, para a realización dunha entrevista persoal cos aspirantes, segundo indicado no apartado noveno das bases da convocatoria.

QUINTO: Publicar anuncio da lista provisional de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios do concello así como na páxina web municipal www.pontedeume.es.

Documento asinado polo Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ponte deume, Bernardo Fernández Piñeiro.

